

REVISIÓN POR PARTE DA AGRA DA ACTA (TENDO EN CONTA OUTRAS APORTACIÓNS E ACHEGAS)

Acta InterBarrios do 20/2/2012

Información dos Barrios e Vilas

Agra

- 1º Troco. Moi boa valoración. Non se fixo a charla que levaban preparada sobre consumo responsábel e decrecemento. Decidiuse pospoñela para o seguinte troco e facela no medio da actividade, cando haxa o maior número de persoas posíbeis.
- Organización dos trocos (recoller, organizar, expurgar e almacenar): xunto con Montealto farán quendas para a súa organización. Cando acabe un troco a seguinte asemblea vén a recoller os obxectos que quedaron do troco e almacenaraos até a súa actividade.
- Entroido indignado: ven interesante levar octavillas como Rede e os links aos blogues... Aínda que actualmente o grupo está baixo mínimos para esta actividade por motivos de saúde.
- Sinaturas ILP Sanidade. Están de acordo en recoller as sinaturas. Por falta de tempo e de xente comprométese só a facer a recollida de maneira individual.
- Limpeza correos. A asemblea mandara e-mail a tódolos integrantes dos que non se teñen novas dende hai tempo e se non hai resposta solicitando o contrario se darán de baixa.
- Lista IB. Proponse revisar a lista de persoas subscritas a lista de IB para que só as que pertencen a unha asemblea poidan recibir os correos.
- Megáfono rotativo. Proponen que o megáfono se rote semanalmente e poidan dispor del a 2ª semana do mes para usala no mercado de troco e as charlas ou convocatorias que se fagan no mesmo día.
- Outra asembleas. Solicitan coñecer cómo marchan outras asembleas (Betanzos, Labañou, Palavea).
- Boletín dixital. Informan de que están traballando na elaboración dun boletín dixital. Cando o teñan máis madurado mostraran os seus progresos.
- Próxima reunión da Agra o mércores 22 de febreiro ás 21:00h., on line, a causa das festas de Entroido.
- Feminismos: 8 de marzo Día Internacional da Muller. Enviouse un correo ás integrantes do grupo para ver a posibilidade de reunírense para prepararen algo para ese día. Están á espera da contestación.

A Ría

- Lista IB.A Ría apoia a proposta de Agra e tamén propón que as persoas que estean subscritas á lista de IB poidan seguir recibindo os correos da lista, pero que non poidan escribir na mesma, senón que o fagan ou ben usando o correo da asemblea correspondente ou ben escribindo o correo da asemblea para que esta o reenvíe. Con isto evitaríanse confusións entre opinións particulares e decisións das asembleas.
- Megáfono rotativo. Apoia a proposta de Agra e indican que eles o precisarían a 3ª semana do mes para que tamén coincida co mercado de troco e charlas
- Blogue. Propón que os barrios escriban directamente no blogue principal da rede usando o nome da asemblea como usuario. Queda pendente de ser debatido nas Asembleas. Ademais se lle pide ao grupo de Comunicación que elabore unha proposta para mellorar estes aspectos de comunicación interna e externa.

-Rúa Fraga. Informan de que este xoves (día 23 de febreiro) ás 20:00 terá lugar un pleno no Concello de Cambre onde probablemente se intentará aprobar a concesión dunha Rúa co nome de Fraga. Informarase a Asociación para a recuperación da memoria histórica (que xa está sobre aviso) sobre o mesmo para que asistan coas persoas do 15m, que queiran/podan ir, ao Pleno do Concello.

-Debate da débeda. A Ría pide colaboración doutras asembleas para axudar a organizar as charlas. Éstas levarán a petición as asembleas na procura de voluntarios/as. Propóñense como posibles lugares para o debate a Fábrica ou as Torres de Oleiros, a Universidade Laboral de Culleredo ou ben a sala da Universidade.

-Base de drones de EE.UU. en Ourense. Informan de que o goberno de USA pretende montar unha base de avións de combate non tripulados en Ourense.
http://www.defensa.com/index.php?option=com_content&view=article&id=5344:eeuu-interesado-en-trasladar-de-italia-a-galicia-su-base-de-uav-global-hawk-&catid=57:otan&Itemid=186

Tratarase nas asembleas este tema e a posibilidade de elaborar un comunicado de prensa ou preparación dalgunha actividade encamiñada a mostrar a nosa postura como Rede con respecto a este tema.

-ILP. En resposta a petición de Agra na acta de IB do 13/02/2012 de que se lle indique onde atopar a ILP para poder lela e que A Ría explique o punto no que discrepan. A Ría indica que o remate da mesma acta atopase o enlace a ILP
http://www.sos-sanidadepublica.org/images/stories/sos-sanidadepublica/documentos/descarga/ILP_SOS-SP_rexistrada.pdf

Tamén indica que o punto polo que non apoian a ILP é o punto 2 do artigo 2 tal e como xa se expuxo no acta de IB do 30/01/2012 e explica as súas inquiredanzas do que supón este punto. Os representantes das outras asembleas deciden explicar as súas asembleas a posición da Ría, con respecto ao punto que versa: *“Excepcionalmente poderá utilizarse a sanidade privada como complementaria, subsidiaria e de modo temporalmente limitado”*

A Ría poñerase en contacto coa plataforma SOS Sanidade para explicarlle o seu punto de vista como xa expuxo na acta de IB do día 30/01/2012 nunha reunión á que si estarán invitadas todas as asembleas. A Ría lamenta a confusión creada co tema da ILP polo que recomenda que as asembleas se lean as actas das reunións de IB

Mallos

-Informan das actividades realizadas na semana pasada e do seu funcionamento, o protocolo interno. Así mesmo informan de que a vindeira Asemblea Popular será o 9 de marzo ás 20:00h., sobre as Mareas Indignadas.

-Marea Vermella. Propoñen sumarse ao movemento Marea Vermella o día 9 de marzo.
<http://carnetdeparo.blogspot.com/2012/02/marea-roja-una-propuesta-ciudadana-para.html>

-Propoñen para a IIIª Xuntanza o 3 de marzo, dous puntos de debate: o primeiro, o sistema de votación da Rede; o segundo, a función e funcionamento dos grupos transversais.

- Están a traballar en vías de consolidar a proposta de que se discuta o tema das Mareas Indignadas cara a organización do 15 de maio “Cumpreanos feliz”.

-Reunión IB: será nos Mallos. A primeira semana no pad e despois presencial para o que a asemblea dos Mallos procurará un lugar para facela. A semana que vén farase

como estaba previsto a través do pad, pero os días 5 e 19 de Marzo realizaranse no lugar de Os Mallos que eles indiquen.

-Solicitan unha vez máis o hosting da REDE de internet.

Monte Alto

-Recollida de sinaturas ILP. Informan de que o 3 de marzo ás 20h na Rúa Real e o 6 de marzo ás 20h na Praza de Ourense pedirán sinaturas para apoiar a ILP. Están a elaborar un calendario para a recollida de sinaturas con mesas na rúa. Xa decidiron as dúas primeiras datas: o 3 de marzo na Rúa Real (de 18:00 a 20:00h.) e o 8 de marzo na Subdelegación do Goberno (plaza de Ourense de 18:00 a 20:00 h.). Píden colaboración doutras asembleas.

-Diccionario indignados. Propoñen a creación de un diccionario de “recuperación” de termos. Solicitan colaboración para facelo. A Ría apoia a iniciativa e colaborara nela.

- Desfuzamentos: Pídense voluntarios/as para seguir con esta tarefa xa que está a piques de desaparecer este grupo. Pódese falar con Rubén e pedirlle os datos a Xosé Miguel.

-Informan de que se está a formar unha Plataforma na Universidade. Xosé Portela acudiu de maneira individual á primeira reunión. A próxima reunión será o 23 de febreiro ás 20:00h. Xosé ten pensado acudir de novo, pregúntase ás asembleas que nos parecería acudir como Rede.

- Grupo de Educación: Andrea e Alicia piden que canto antes se reúnan con Nieves e Manolo para comezar a traballar neste eido e concretar a primeira reunión.

- Troco: Parécelles ben o plan de organización de Agra (organización, expurgo, limpeza, almacenamento...) para que rote o material por diferentes trocos.

-Feminismos: Informa de que o 8 de marzo hai unha concentración organizada diante da Delegación do Goberno ás 20:00h. por grupos Feministas, por ser ese o Día Internacional da Muller.

- Entroido Indigando: Recordan que o/a que participe na actividade de Entroido do día 20 estea ás 19:00 no bar COCO.

-3ª Xuntanza. Lembran que quedaron cousas moi importantes por debater. Comentan que habería que comezar a traballar a nivel Asemblea para poder ir poñendo unha data, ademais de concretar os temas a tratar. Neste sentido parécelles importante definir urxentemente un Protocolo (por exemplo: problemática que xurdiu a partir da manifestación do 19F).

Xeral

-Pídense voluntarios/as para ir ao Foro Galego de Interacampadas. Farase este sábado 25 na praza do Cantón de Chantada. Comezará ás 10:30. Olalla de Agra irá se mellora o seu estado de saúde e se vai alguén máis que teña coche.

- Posibilidade de levar ao Foro Galego un texto de presentación da Rede 15M Coruña xa que será a primeira vez que estemos presentes a Rede 15m Coruña neste evento. Na reunión trátase o tema do grupo do Obelisco co que non acabamos de crear un vínculo comunicativo estable.

- Membros da Ría propoñen estipular un protocolo de actuación de emerxencia que se establecerá a través dos grupos transversais do “ataque” ao que se refira (Exemplos: Folga Xeral-> Grupo laboral, Recorte de persoal médico -> Sanidade). Este protocolo tan só entrará en funcionamento cando non haxa tempo para decidir ao respecto en interbarrios. Queda pendente de ser debatido nas asembleas.

- 3º xuntanza: Debe tratarse nas asembleas das diferentes opcións: comezar a traballar na orde do día e temas a debater, propoñer datas posibles...
- Infórmase da concentración convocada por CGT e CUT o venres 24 ás 19:30 na Praza de Portugal.